





ruta da auga. GUITIRIZ

Adela Leiro, Mon Daporta
Maio 2022



Distancia: 14 km (lineal)

Dificultade: baixa



A ruta da auga de Guitiriz é un percorrido lineal duns 20 km que partindo da capela de San Albarte remonta parte dos cursos dos ríos Parga e Ladroíl, logo da Veiga e Escádebos, para achegarse tamén a outros lugares do concello que teñen unha importante relación coa auga.

Como facela todo dunha tirada nos pareceu demasiado, decidimos partila en dúas: a primeira lineal, remontando os ríos ata Guitiriz, e a segunda circular, pola contorna da vila.

Esta primeira é unha camiñada case chan, con so dous curtos tramos en cuesta: un no que nos separamos un pouco do río para salvar a vía do tren, e outro no único lugar onde o río se encaixa nunha zona rochosa. Un percorrido cómodo e ben sinalizado, no que a auga non é protagonista pola súa forza se non pola súa calma, un espello no que se retratan e reflicten todos os detalles das súas beiras, e o seu silencio, que so se rompe cando baixa dos atrancos dos muíños que imos atopando ao longo da andaina, na que tamén veremos varias pontellas, un pasal e dous portos (dous lugares nos que os camiños cruzan o río que aínda seguen a ser puntos de paso para os vehículos agrícolas e para o gando). Pero tanto como dos ríos gozamos da contorna, unha zona na que, ademais da beira da auga, os desniveis dos noiros e as amplas zonas inundables están cubertas de árbores - carballos, freixos, bidueiros, salgueiros...- entre os que hai algúns exemplares de fermoso porte e boas dimensións que nos van sorprendendo, e animando o percorrido, tanto ou máis que a compañía da auga.

Un tramo do río e a súa contorna está incluído no LIC Parga-Ladra-Támoga.



PERCORRIDO

Para facer esta andaina deixamos o coche en Guitiriz e procuramos transporte ata San Alberte, onde comezamos gozando da imaxe da antiga ponte -pola que cruzamos o río Parga- para acceder desde a estrada á capela, e achegámonos á primeira das coñecidas fontes da contorna: a fonte de San Alberte, considerada nos arredores polas súas virtudes para curar trastornos da fala (cóntao Manuel María nun dos seus poemas), e botamos a andar pola beira do río. Apartámonos del para pasar a vía do tren e volvemos á súa beira para cruzalo por outra ponte vella, a de Pitero, en Roca. Desde aquí continuamos pola outra beira case ata o final do traxecto. Un pouco antes de chegar a Parga atopamos á dereita outra fonte, nunha contorna con espazo para o lecer, a fonte de Valdovín, con auga de composición semellante á dos balnearios da zona e utilizada polos veciños para os mesmos fins. En Parga pasamos pola praia fluvial e a vella ponte, do século XV, para facermos unha pequena parada na área de lecer da Carballeira. Á altura de Becín deixamos o río Parga para seguir o Ladroíl durante o resto do traxecto. Á entrada de Guitiriz cruzámolo, para irmos á vila, e rematamos.



Área de lecer de Parga



Río Parga e bosque de ribeira



Ponte medieval de San Alberte de Parga





Muíño en Parga



As árbores e as augas calmas crean fermosas imaxes



Confluencia dos ríos Parga e Ladroil

Río Ladroil



Pasal e porto no río Ladroil





Fonte de Valdovín, en Parga




Carballo



Fonte de san Alberte



Amieira



Espadainas